

# O Tres Marías

A lenda dos Lumes de San Telmo



//Afundación

Obra Social ABANCA

Imaxe de cuberta:  
Urbano Lugris, *Fuegos de San Telmo*  
ABANCA Colección de arte

## Rezándolle a San Telmo

Era unha noite invernal. Mariña, a pequena da casa, durmía coma sempre. Non lle gustaba a noite, dáballe moito medo a escuridade, e o vivir tan preto do mar facía que as noites fosen máis negras e os sons do mar máis desacougantes. Así que, en canto caía o sol, corría á cama para refuxiarse.

Esa noite non era unha noite calquera, esa noite aveciñábase un terrible temporal. Era un deses momentos que a Mariña non lle gustaban. Momentos en que, no medio dos sons do mar embravecido, as nais do pobo espertaban os nenos de madrugada e levábanos a rezar á capela de San Telmo, un venerado santo que, dicían, era protector de pescadores. E é que, no pobo de Mariña, mentres os nenos durmían, e as nais traballaban na casa, os homes saían a faenar en busca de bo peixe para vender na lonxa. E esa normalidade só se alteraba cando na pequena vila mariñeira se desataba a tormenta.

Aquela noite o seu pai navegaba, e a súa nai espertouna a ela e aos seus tres irmáns para ir rezarlle a San Telmo e pedirlle que o mozo pescador regresase á casa san e salvo.

O pai de Mariña era patrón de pesca e navegaba desde sempre. Tiña un extenso currículo de navegante, comezara a pescar co seu pai aos 6 anos e naufragou por primeira vez aos 8. Agora que rozaba os 40 sabía do perigosas que eran as tormentas, mais era un home

que confiaba en San Telmo, o patrón que protexía os pescadores e os mariños, así que, a pesar dos fortes ventos, as enormes ondas e a cegadora choiva, mantívose tranquilo ao temón do seu pequeno barco de madeira. Só había que navegar enganando un pouco a tormenta e todo acougaría.

Mentres, Mariña, a súa nai e os seus tres irmáns acendían candeas a San Telmo e rezaban en metade da noite. A capela de San Telmo era un lugar escuro e húmido, situado xunto á praia. Era un templo moi vello, con pequenas xanelas abucinadas e tiña apenas un altar, catro bancos escangallados e unhas cantas candeas medio derretidas para ofrecerlle ao santo.

Mariña, sentada, observaba con curiosidade aquela figura pintada e vella á que todos dirixían as súas oracións. Non comprendía ben por que ese personaxe tan estraño tiña o poder de salvar os mariñeiros da furia do mar.

Mentres pensaba niso, a Mariña caíanlle as pálpebras. Era madrugada e estaba moi cansa. E ao arrullo dos rezos, Mariña durmiu.

Mariña sempre dixo que apenas foron uns segundos. Un estrondoso lóstrego espertouna e, ao abrir os ollos, viuse totalmente soa naquela húmida capela. Non había luces nin persoas, só escintilaban algunhas pequenas candeas a se consumiren. Como era posible que todos marchasen e a esquecesen alí?

Mariña comezou a tremer e unhas enormes bágoas abrollaron dos seus amendoados ollos. Ela que era tan medorenta!

—Non chores Mariña, non teñas medo —dixo unha voz.



Urbano Lugrís. *San Telmo*  
Colección de Arte Afundación

Mariña volveuse, pero non viu ninguén ao seu redor.

Aquela capela non tiña máis ca uns vellos bancos que renxían e a escultura do repintado e descunchado santo que todos chamaban San Telmo. Entón... quen falaba?

—Non chores, Mariña, non teñas medo. Aquí estás a salvo —repetiu a voz.

Mariña, en voz baixa dixo —Quen fala?

E a voz contestou —Eu! Aquí, aquí... na parede... son o tipo repintado que leva un barco e unha candeia acesa nas mans. Chámanme San Telmo, aínda que o meu nome orixinal é Pedro, Pedro González Telmo. Pero todos me chaman Telmo e puxéronme un «San» diante que me senta un mundo de ben.

—Pronúnciao, pronúnciao! San Telmo, Saaaan Teeel-mo, a que mola como soa?

San Telmo, o protector, engadiu —A verdade é que isto de ter fama de salvador mola moito, sabes? Son coma un superheroe. Quen non adora un superheroe?... Aínda que ten a súa parte sacrificada, non vaias pensar.

Mariña non daba crédito. San Telmo? O tipo descunchado e repintado, cos beizos pintados de marrón e medio calvo estaba a falarlle e dicía ser un superheroe, e falaba sen parar, nin sequera para respirar...

Por un segundo mirou cara á porta, calculando canto tempo tardaría en saír de alí correndo. Non lle estaba a caer demasiado ben ese San Telmo, a verdade.

Vese que San Telmo adiviñou as súas intencións —Non te vaias, Mariña, hoxe non, case sempre estou aquí só, ás escuras, con esta humidade. E cando hai xente teño que quedar moi serio e moi parado co meu barco e a miña candeia acesa. Aquí todos veñen a rezar e a pedir, mais poucos se acordan de que eu tamén necesito falar.

—Ademais cando me limpan, fatal! Fanme moitísimas cóxegas co plumeiro e apenas me poden aguantar... e creme que eu son de gargallada fácil e teño moitas cóxegas, moitas...

Antes de que San Telmo rematase de falar, Mariña preguntou —Que queres de min? Só son unha nena...



Urbano Lugrís. *San Telmo* (detalle)  
Colección de Arte Afundación

—Un pouco de charla, quizais —Contestou o Santo.

Mariña non sabía que dicir, así que gardou silencio. O Santo interpretouno coma unha invitación para seguir coa charla...

Sentíndose cada vez máis cómodo, San Telmo baixou do pedestal, fixo un par de estiramientos que lle fixeron renxer costas e pescozo, e á súa vez, fixeron que lle saltase algún que outro cacho de pintura, e apoiando nun banco o barco e, no outro, a candeia acesa que sempre levaba na man, animouse a preguntar -Mariña, e ti de quen vés sendo?

Mariña non podía crelo, «De quen vés sendo?!»

Este santo era coma as vellas do pobo! Que sempre preguntaban «de quen vés sendo?»... E a ti que máis che dá, pensou ela.

Pero Mariña non tiña moitas máis opcións, alá fóra estaba escuro e case que preferiu quedar no templo. Así que, sen moito ánimo, respondeu —Son filla de María e neta de María, e tamén bisneta de María. Vivimos máis aló da rúa dos Ferreiros, alá arriba, na Veiga pequena.

—Ah! —dixo o Santo —Es entón da Veiguiña.

—Si, señor Santo —dixo Mariña.

—Coñezo o teu pai, si —respondeu a vella escultura.

—É o dono desa pequena embarcación que se chama O Tres Mariás, verdade? Claro, con tanta María na familia, non podía ser que o seu pequeno barco se chamase doutra maneira. Aínda que na túa familia vese que cos nomes sodes moi orixinais, a verdade —marmurou mentres quitaba unha peluxe da unlla.

E engadiu —Pois nunha boa lea está metido neste momento o teu pai. Ese barco minúsculo que ten non é nada seguro, e a tormenta está a pegar forte e creme que aínda vai empeorar. O océano Atlántico ten os seus momentos de furia e os barcos corren moito perigo, sabes?

Mariña estaba perplexa. Aquel Santo anticuado e descunchado, que ía soltando pintura a cada paso, estaba a se mirar as unllas e falando



de que era moi probable que o seu pai e o resto de mariñeiros perdesen a vida no Atlántico. E contáboo así, sen máis! Sen preocuparse, e sen mover nin un dos seus ocos dedos de santo! Mariña enxugou as bágoas e moi resolta, respondeulle ao Santo



Urbano Luguís. Sen título  
ABANCA Colección de Arte

—Oia! Pois se cadra poderíao salvar vostede, que para iso é Santo, ese é o seu traballo, non?!

Telmo soltou unha gargallada. Que carácter o desta nena! Pensou. Pero el sabía que a nena tiña razón.

## Unha tormenta coma nunca se recorda

Mentres Telmo e Mariña falaban, o temporal empeoraba por momentos. O mar parecía máis enfadado ca nunca aquela noite, e parecía disposto a tragar canto barco saíse a navegar.

O pai de Mariña, tal e como dixera San Telmo, estaba en serios problemas e comezaba a desesperar. Nunca xamais como mariño vira raios que parecían linguas de lume e que se lle achegaban perigosamente ás velas e ao pau maior. Todo aquilo era un mal presaxio.

Para unha familia de mariñeiros non había nada máis deshonoroso ca perder o seu barco e a súa tripulación. Mais este temporal non era coma os outros que vivira. Estaba exhausto de esperar que o vento amainase e de navegar con tantas dificultades. Levaba horas esperando e navegando, esperando e navegando...

O pai de Mariña trataba de buscar na súa memoria leccións que lle ensinaran seu pai e seu avó, tamén mariñeiros:

Nunca cedas ás provocacións do mar. É traizoeiro e sempre gaña. Ti navega, fillo, navega e aguanta ata que pase a tormenta. Cando a tormenta estala, se non sabes navegar, arrástrate ao fondo do mar. O seu avó sempre dicía que ningún mar en calma fai experto un mariñeiro, pero el estaba canso de esperar e evitar a tormenta. O seu corazón deu un envorco, e decidiu que chegara o momento de actuar.

Aos mariñeiros ensínaselles que hai tormentas que nunca se poden atravesar, pero o pai de Mariña, cegado polo cansazo, decidiu que

era hora de mirar de fronte a tempestade. Así que cun golpe de temón, posicionouse de fronte ao furacán. E foi entón consciente de que acababa de tomar unha mala decisión.



Urbano Lugrís. *Serpiente de mar*  
ABANCA Colección de Arte

Máis ca unha galerna, unha tempestade ou unha tormenta, o vento e a choiva parecían un enorme monstro salgado desexoso de engulir o barco. Cada onda parecía unha boca xigante que abría as súas fauces para devorar a sinxela embarcación, que se axitaba e se sacudía coma un barco de papel. O Tres Mariás parecía unha pequena folla a mercé do vento e das ondas.

Mentres o patrón mozo tentaba dominar o barco, a súa tripulación preguntábase como un mariñeiro da súa experiencia tomara semellante decisión. Todos sabían que hai temporais que non se poden navegar de fronte, que hai que sortealos ata que acougan e se van.

A embarcación do pai de Mariña ladeaba perigosamente e a auga entraba a litros pola cuberta. Estamos perdidos, pensou aquel mariño con decepción.

## O manto de San Telmo, o protector

Mentres, lonxe, en terra, ao abrigo da antiga capela de San Telmo, o vello Santo parou en seco de falar con Mariña, e cun xesto preocupado estendeu a súa capa negra, agarrou con forza a súa candeia acesa e endereitou o barco que quedara esquecido nalgún dos escangallados bancos do templo. San Telmo regresou cun xesto moi serio ao pedestal e volveu ser a inmóbil escultura que fora. San Telmo debía volver ao seu traballo.

E é que o santo protector debía poñer en marcha todos os seus milagrosos poderes e, como só sucede nos contos, e nas pinturas dalgúns pintores galegos, O Tres Mariás repentinamente endereitouse, o vento amainou e unhas pequenas luces chispeantes percorreron o ceo, sinalando á tripulación o camiño de regreso á casa. Foi coma se un extraordinario manto de calma envolvese a embarcación.

De súpeto, alguén berrou—on os lumes de San Telmo! Estamos salvos!

O patrón do Tres Mariás soubo entón que estaban a salvo. O temporal comezaba a amainar. San Telmo acudira na súa axuda unha vez máis.

Conta a lenda que os Lumes de San Telmo son as luces que o Santo

Patrón dos mariñeiros acende no medio da tempestade para guiar os barcos de regreso ao seu fogar.

Outros, en cambio, din que os Lumes de San Telmo son as faíscas que as tormentas crean pola súa carga eléctrica, e que grazas a elas os patróns son capaces de rectificar o rumbo e renovar a travesía á casa.

Sexa por intervención milagrosa ou por un fenómeno meteorolóxico con explicación científica, O Tres Marías estaba salvado e o noso patrón emprendeu o camiño de regreso a porto.



Urbano Lugrís. *Serpiente de mar*  
ABANCA Colección de Arte

Tras un bo intre navegando, alguén berrou —Terra á vista! E é que xa se podía ver iluminado o peirao da vila. Ao pé do embarcadoiro, na praia, con fachos acesos, esperaban todos os veciños do pobo. As luminarias guiaban o retorno do Tres Marías.

E é que, ademais dos Lumes de San Telmo, é tradición nesta vila acender fachos na praia para guiar os barcos ata o peirao.

E alí estaban todos os veciños, coas súas luminarias, a pesar da noite e a choiva. Nunca unha tormenta tan grande devolvera sans e salvos a todos. Non podían máis ca celebralo.

Conta a lenda que mentres corrían as alegrías, os bicos e as apertas no peirao, na pequena capela alguén tocou a Mariña no ombreiro e espertouna. Todo parecía ser un soño, pensou. Pero á saída da capela, agarrada da man do seu pai, Mariña volveuse por última vez a mirar o vello Santo... e este sorriu.

Hoxe é Mariña a patroa do Tres Mariás II, un barco máis novo que o do seu pai, pero igual de pequeno. E é Mariña a mariñeira máis respectada da vila, e a que mellor navega nas tormentas.

Tamén din que, unha vez ao ano, Mariña e os seus veciños celebran unha gran festa coñecida en toda Galicia, en honra a San Telmo, festa con música e con sardiñas, pan de millo e rosquillas de follado. E á noitiña, cando a escuridade enche todos os recunchos do mar, bótanse ao ceo fogos artificiais. É unha homenaxe aos Lumes de San Telmo, que aquela noite de tempestade salvaron O Tres Mariás de ser engulido polo mar.



lugris

# //Afundación

Obra Social ABANCA